



# PLAN DIXITAL

## CPI Plurilingüe Fonte Díaz

[Versión 1.0\_ xuño 2022]

# Índice do Plan Dixital

## 1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

## 2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

## 3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

## 4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

## 5. Difusión do PD

## 1. Introducción

### 1.1. Datos básicos do centro

**Nome:** CPI Plurilingüe de Fonte Díaz

**Código do Centro:** 15017880

**Domicilio:** Rúa Isabel II s/n

**Localidade:** Fonte Díaz

**Concello:** Touro

**Código Postal:** 15822

**CIF:** Q-6555048-E

**Teléfono:** 881867840

**Fax:** 881867847

**Correo electrónico:** cpi.fonte.diaz@edu.xunta.gal

**Páxina Web:** <http://www.edu.xunta.gal/centros/cpifontediaz>

**Alumnado:** 242 alumnos e alumnas

**Profesorado:** 32 profesores e profesoras (28 definitivos e definitivas)

A organización educativa neste curso 2021-2022, foi a seguinte:

- Educación Infantil: 3 unidades correspondentes aos 3 niveis, con tres mestras titoras, unha mestra de apoio, unha mestra de inglés, un mestre de música e dúas auxiliares técnicas educativas
- Educación Primaria. Funciona unha unidade por nivel con desdobres en algunhas materias. Todo o profesorado é definitivo agás a mestra de AL, a segunda mestra de PT e a segunda mestra de inglés. Esta última imparte tamén clase na EEI de Gonzar e no CEIP N°1 de Melide.
- Educación Secundaria: Catro unidades, unha por cada nivel, con desdobres no segundo curso en case todas as materias.

### 1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

#### Características socioeconómicas e culturais do contexto do centro

O ámbito de influencia do centro ten un carácter eminentemente rural e con baixa densidade de poboación. A actividade predominante no concello é a agrícola e gandeira, sendo o alumnado procedente de familias de nivel socioeconómico medio baixo. O propio centro está incluído no grupo ISEC, Índice Socioeconómico e Cultural, no nivel medio baixo. Dito índice ten en conta variables como a situación laboral e profesional das familias e os recursos culturais e materiais no fogar.

A situación de pandemia vivida nos cursos pasados, obrigounos a recoller datos de conectividade na contorna do alumnado e de infraestrutura dixital no ámbito familiar. Reflectimos un total de 54 familias (30% do total) que indicaron ter:

- Problemas de conectividade derivados de: zona sen cobertura ADSL, fibra e mesmo zonas de sombra con cobertura móbil nula ou escasa.
- Carecer de equipos e conexión a internet nos fogares e obter unicamente conexión a través do uso de datos móbiles moi limitados

Podemos constatar a fenda dixital existente na contorna do noso centro relacionada principalmente coa falta de coñecementos de informática e habilidades necesarias para participar na sociedade da información acentuado pola falta de infraestrutura que afecta a boa parte da zona rural do concello de Touro.

### ***Incardinación e contribución do PD ao Proxecto Educativo.***

O CPI de Fonte Díaz ten unha tradición irregular pero longa de emprego das TIC, tendo conexión á internet e aula de informática desde o ano 1999 e premios á innovación educativa nos anos 2002 e 2004. No ano 2006, ao abeiro do proxecto Webs Dinámicas, formouse un grupo de traballo para elaborar a páxina web do centro, <http://www.edu.xunta.gal/centros/cpifontediaz/>, que se ven empregando desde ese momento para manter informada a toda a comunidade educativa das actividades realizadas nos distintos niveis e departamentos así como de todas as novidades (matrícula, bolsas, fondo solidario de libros de texto, normativa, etc.) que poden ser de interese para a comunidade educativa. Vinculada á páxina web tamén se comezou a empregar a aula virtual, sobre todo como elemento de apoio e como repositorio de contidos.

Desde o curso 2010/2011 participamos no proxecto abalar.

No curso 2015/2016 comezamos a empregar a aplicación abalar móbil. Ferramenta para a comunicación dixital entre as familias e o Centro (notas académicas, faltas, titorías...)

Desde o curso 2018-2019 contamos coa plataforma dixital educativa Snappet. Con esta plataforma, o alumnado dispón de *tablets* con contidos adaptados ao currículo que facilita, ao profesorado o seguimento do alumnado, e, a este, unha interface sinxela de autoaprendizaxe.

No ano 2020 solicitouse a inclusión no proxecto EDIXGAL participando actualmente os cursos de 5º e 6º de Ed. Primaria.

Desde curso 2019-2020 impulsouse o emprego da aula virtual do centro coa matriculación de todo o alumnado do centro e a creación de todos os cursos precisos de todos os niveis e departamentos.

Outros proxectos que se foron integrando nos últimos anos foron: participación no PLAMBE, instalación do programa Meiga de xestión de bibliotecas, creación de blogs da biblioteca, do equipo de dinamización e normalización lingüística, participación no programa "navega con rumbo", realización de charlas sobre riscos do emprego de internet, emprego das smartboards desde Ed. Infantil, participación no programa *Radio na Biblio* e posta en marcha da infraestrutura precisa (micrófonos, mesa de mesturas, auriculares, etc.), emprego do libro dixital en diversas materias, etc.

## **Contribución do PD á Programación Xeral Anual do curso 22/23.**

A redacción do presente Plan Dixital de Centro contribuirá a Programación Xeral Anual na medida en que se vaian cumprindo os obxectivos marcados polo Plan de Acción: participación en cursos, seminarios, grupos de traballo ou mesmo no PFPP cos que se pretende dar continuidade á formación dixital do alumnado e do profesorado; organización de charlas e obradoiros para tratar de concienciar á comunidade educativa das vantaxes e riscos do uso das novas tecnoloxías e mesmo a mellora do equipamento do centro coa actualización dos equipos obsoletos en aulas de informática, departamentos e aulas.

### **1.3. Breve xustificación do Plan Dixital de Centro.**

A realización do Plan Dixital do Centro é o instrumento de transformación que ten que elaborar o centro educativo para abordar o cambio que propón o Marco Europeo para Organizacións Educativas Dixitalmente Competentes (DigCompOrg). Deste xeito, o Plan recollerá as principais ideas, marcará as prioridades e establecerá os niveis de planificación que determinarán a misión, visión, valores e estratexia da organización escolar co obxectivo de avanzar na dixitalización da organización escolar.

Na *Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022*, indícase que:

*A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, regula diferentes aspectos relacionados coa competencia dixital e a innovación educativa, así no artigo 121 establece que o proxecto educativo do centro recollerá, entre outros aspectos, a estratexia dixital do centro, de acordo co establecido no artigo 111 bis, no que se establece que as Administracións educativas e os equipos directivos dos centros promoverán o uso das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) na aula como medio didáctico apropiado e valioso para levar a cabo as tarefas de ensino e aprendizaxe, utilizando os marcos de referencia da competencia dixital que orienten a formación inicial e permanente do profesorado e faciliten o desenvolvemento dunha cultura dixital nos centros e na aulas. O artigo 132 da devandita Lei establece como competencias dos directores e directoras, entre outras, exercer a dirección pedagóxica, promover a innovación educativa e impulsar plans para a consecución dos fins do proxecto educativo do centro; e fomentar a cualificación e formación do equipo docente, así como a investigación, a experimentación e a innovación educativa no centro.*

*A disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional (DOG 30 de xuño), pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2021-2022, e na disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021,*

*da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de formación profesional do sistema educativo no curso 2021-2022 sinala que os centros docentes elaborarán no curso 2021-2022 o seu Plan Dixital de acordo coas instrucións que se diten.*

*En liña coas orientacións establecidas no Plan de Recuperación e Resiliencia da Unión Europea e no marco do Plan de Acción de Educación Dixital (2021-2027), a Consellería de Cultura, Educación e Universidade persegue a transformación dixital dos centros educativos de Galicia como organizacións a fin de que sexan dixitalmente competentes nos procesos de ensino-aprendizaxe, de xestión e de relación o que require de un proceso de mellora das competencias dos membros da comunidade educativa que se deberá recoller nun Plan Dixital do Centro como organización.*

*O Regulamento polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia do Consello Europeo do 11 de febreiro de 2021 establece como un dos seus principais eixes a transformación dixital na procura da excelencia, a universalidade e a equidade na educación; que elimina as brechas sociais e territoriais, que incentiva a formación continua e cre no talento, promocionando o emprendemento e a innovación, o reforzo das súas capacidades de investigación e a atracción e fomento da excelencia.*

*No Plan de Nova Arquitectura Pedagóxica que impulsa a Consellería de Cultura, Educación e Universidade, faise unha clara aposta por espazos ao servizo dos proxectos educativos, sobre todo vinculados á transformación dixital e que sexan xeradores de igualdade e de inclusión. Así como, na Estratexia Galicia Dixital 2030 e na Estratexia Educación Dixital 2030 de Galicia, cara a consecución dunha cidadanía dixital plena.*

Nesta mesma resolución establécese:

*Esta resolución ten por obxecto establecer as medidas de actuación relativas ao deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital para o curso 2021-2022, nos centros docentes sostidos con fondos públicos correspondentes ao ámbito de xestión da Comunidade Autónoma de Galicia.*

#### **1.4. Proceso de elaboración**

O proceso de elaboración, veu totalmente determinado polas instrucións recibidas ás que fai referencia a resolución anteriormente citada.

Inicialmente creouse un grupo de traballo dentro do PFPP no que participa o centro co obxectivo único da elaboración do *Plan Dixital de Centro*. A participación neste grupo de traballo estivo aberta a todo o profesorado así como tamén a coordinación do mesmo, quedando definitivamente formado por: Fernando Simal, Gonzalo Iglesias, Asun Aller, Carmen Castro e Daniel Pereiro, actuando este último como coordinador.

O coordinador do grupo foi dado de alta nunha aula virtual da Consellería creada a propósito para comunicar instrucións, información, fornecer formación e, sobre todo, ir verificando que se ían cumprindo ao pé da letra as instrucións recibidas.

O proceso de elaboración dividiuse en tres fases:

- Fase I: Análise e diagnose da situación dos centros: Esta primeira fase consistiu na realización de dous cuestionarios: o Selfie (no que participou o equipo directivo, o profesorado e o alumnado a partir de 5º de Ed. primaria) e o test de competencias dixitais docente (test CDD) no que participou só o profesorado. Cos datos obtidos destes dous cuestionarios e tamén tendo en conta os coñecementos do centro que os membros do grupo de traballo teñen, elaborouse o DAFO, que é unha matriz 2x2 na que se enumeran as Fortalezas e Debilidades como factores internos (isto é, que dependen do centro) e as Amezas e Oportunidades como factores externos.
- Fase II: Deseño e elaboración do Plan Dixital. A partir da análise reflectida no DAFO e despois da sesión de formación pertinente, comezouse coa redacción do presente documento, comezando polo *Plan de Acción*, que contén unha selección de obxectivos encamiñados a solucionar debilidades e afrontar ameazas. Os obxectivos do plan de acción, teñen que estar englobados dentro das áreas de mellora segundo o *Marco Europeo para Organizacións Educativas Dixitalmente Competentes (DigCompOrg)* e deben ser obxectivos SMART, isto é: eSspecificos, Medibles, Alcanzables, Relevantes e Temporalizados. Coa posta en marcha dos obxectivos do Plan de Acción daría comezo a
- Fase III: implementación, seguimento e Avaliación, que deberá ser posta en práctica no curso 2022-2023.

A metodoloxía empregada polos membros do equipo de dinamización do plan dixital consistiu na realización de distintas reunións presenciais ou telemáticas e traballo individual, para a organización de todo o proceso de toma de datos (Selfie, test CDD), a análise e realización do DAFO e a propia redacción do Plan Dixital de Centro, tal e como figura nas actas do grupo de traballo do PFPP.

## 2. Situación de partida

### 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

#### Infraestrutura dixital do centro:

Actualmente o centro dispón de conexión á internet de banda ancha mediante antena proporcionada pola compañía Orange. A pesar de que a velocidade establecida era de 400 Mbps simétrica, a realidade é que é moi variable, non superando nunca os 100 Mbps de baixada. Recentemente houbo unha actuación no centro para colocar a antena noutra posición que mellorase a recepción. De momento está colocado o novo mastro, pero aínda non se moveu a antena.

Tamén contamos cunha conexión de fibra óptica para o sistema de telefonía que substituíu recentemente unha equivalente da empresa R. A conexión de telefonía está instalada na parte administrativa do centro (Secretaría, departamento de Orientación, Dirección, sala de atención a pais e nais, conserxería, sala de profesores e profesoras e tamén o edificio de Ed. Infantil).

A información dos detalles das conexións á internet e de telefonía, é a que podemos ir obtendo das consultas aos operarios que foron vindo polo centro (a instalar ou arranxar), pois



non se nos achegou información de primeira man da Consellería sobre as actuacións desenvolvidas.

Internamente o centro está totalmente cableado nos tres edificios principais, faltando unicamente o ximnasio. Todo o cableado centralízase no cuarto do rack de acceso restrinxido con porta de seguranza.

En canto a redes sen fíos, contamos con tres:

- *Rede Abalar*, que da servizo a todos os ordenadores do proxecto abalar e actualmente tamén aos de Edixgal. Só cubre parte do edificio principal, non chegando nin ao edificio de talleres nin ao de Ed. Infantil.
- *Rede edu.xunta.es*: da servizo a todos os dispositivos do profesorado a través dunha conexión vinculada á conta corporativa. A cobertura é idéntica á da rede Abalar.
- Rede Ed\_15017880: É a primeira rede sen fíos instalada no centro. Conta con dous routers sen fíos e só da servizo a unha parte do edificio principal.

### Equipamento dispoñible.

- Aulas dixitalizadas: 12 con conectividade e só 6 con posibilidade de interacción por fallo nas pantallas dixitais interactivas.
- Proxecto educación dixital E-Dixgal: 5º e 6º de Educación Primaria (20 e 23 alumnos e alumnas).
- Postos de traballo de xestión e administración do centro: 5 postos na secretaría do centro e dous postos máis nos despachos de dirección e xefatura de estudos.
- Uso na biblioteca: como xestión de catálogo de libros, como consulta,...
- Equipos para uso na sala de profesorado e departamentos: Vinte e dous, distribuídos como segue: 4 na sala de profesores e profesoras, 6 nos departamentos, 1 na sala de audiovisuais (máis proxector), 1 na aula de música (máis proxector), 1 na aula de plástica (máis proxector), 1 no laboratorio de ciencias (máis proxector), 1 no taller de tecnoloxía (máis proxector), 1 na aula desdobre de Ed. infantil (máis proxector), 1 na aula de desdobre de 3º de primaria, 1 na aula de PT primaria, 1 na aula AL (máis proxector), 1 na aula PT secundaria, 1 na conserxería, 1 na aula de desdobres de música (máis proxector). O estado dos postos enumerados neste apartado é variable, habendo portátiles recentes (dous ou tres anos) e outros cerca da obsolescencia.
- Equipos ultraportátiles para aula móbil: 83 notebook abalar obsoletos e 45+8 portátiles do proxecto Edixgal.
- Aulas de informática.
  - Aula de informática I, situada no edificio principal. Conta con 16 equipos obsoletos, un proxector e unha impresora.
  - Aula de informática II, situada no edificio de talleres, anexo ao principal. Conta con 20 equipos dos cales 10 teñen 9 anos e os restantes 6 aproximadamente. Tamén dispón de proxector e impresora.
- Biblioteca. Dispón de cinco equipos. Un de xestión da biblioteca con programa Meiga e 4 de consulta para o alumnado. Conta con proxector e pantalla. Equipos antigos (8 anos aproximadamente)
- Radio na Biblio: Un ordenador portátil, mesa de misturas e cinco postos completos con micrófono e auriculares. Todo en perfecto estado de funcionamento.
- Aula de AL: Monitor táctil de 60 polgadas.



## Servizos dixitais educativos empregados polo centro:

- Correo electrónico: [cpifonte.diaz@edu.xunta.gal](mailto:cpifonte.diaz@edu.xunta.gal)
- Páxina web do centro: <http://www.edu.xunta.gal/centros/cpifontediaz/>
- Aula virtual: <http://www.edu.xunta.gal/centros/cpifontediaz/aulavirtual/>
- Agueiro
- E-Dixgal
- Abalarmóbil
- Snappet

## Xestión do mantemento do equipamento do centro:

Da xestión do equipamento encárgase, dentro das súas posibilidades, o equipo TIC, a modo de *servizo técnico de proximidade*. Tal e como se indica na memoria TIC presentada no final de cada curso académico, é o equipo TIC o que realiza tarefas de instalación de equipos, actualización, instalación de drivers e programas, revisión de equipos, cambios de lámpadas de proxectores, xestión de repostos, etc.

Cando se exceden os coñecementos técnicos do equipo ou o tempo de traballo excede o razoable, os membros do equipo son os encargados de transmitir, ben de xeito directo ou por medio do equipo directivo, as incidencias á UAC.

Para incidencias que non dependen da UAC, como son as de todos os equipos informáticos, proxectores, etc adquiridos polo centro, recórrese a unha empresa de informática externa que se paga coa partida correspondente descrita nos orzamentos de gastos de funcionamento do centro.

## 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Para a análise DAFO empregáronse tres fontes. O test de autoavaliación SELFIE, o test de competencia dixital docente CDD e os coñecementos que o propio equipo dinamizador do plan dixital ten das características do centro.

Incluímos a continuación as medias das respostas por cada grupo (equipo directivo, profesorado e alumnado) para cada unha das oito áreas analizadas no Informe Selfie de cada etapa educativa.

Areas	Grupos	Ensinanzas	
		Primaria	ESO
A -Liderado	Equipo Direct.	3,8	3,8
	Profesorado	4,1	3,8
	Alumnado		
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	3	3,6
	Profesorado	3,6	3,3
	Alumnado	4,4	3,1
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	4	4,4
	Profesorado	4,1	3,8
	Alumnado	4,6	3,5

<b>D- Desenvolvemento profesional continuo</b>	Equipo Direct.	4	4,1
	Profesorado	3,9	3,8
	Alumnado		
<b>E- Pedagogía: Apoio e Recursos</b>	Equipo Direct.	4,4	4,3
	Profesorado	3,9	3,8
	Alumnado		4,2
<b>F- Pedagogía: Implementación na aula</b>	Equipo Direct.	3,6	3,4
	Profesorado	3,5	3,2
	Alumnado	3,9	3,1
<b>G- Prácticas de avaliación</b>	Equipo Direct.	3,3	3,2
	Profesorado	2,8	3
	Alumnado		2,8
<b>H- Competencias dixitais do alumnado</b>	Equipo Direct.	3,6	4
	Profesorado	3,6	3,6
	Alumnado	4,5	3,4

A continuación un resumo da información obtida polo Test CDD:

### 1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
<b>DEFINITIVO</b>	18	26	69,2
<b>PROVISIONAL</b>	2	2	100
<b>INTERINO</b>	2	2	100
<b>SUBSTITUTO</b>	1	1	100
<b>OUTROS</b>	2	2	100

### 2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
63,3	Explorador/a (A2)	76,4	Integrador/a (B1)

### 2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
<b>Inf.</b>	59,5	Explorador/a (A2)	68,2	Integrador/a (B1)
<b>Prim.</b>	68	Integrador/a (B1)	77	Integrador/a (B1)
<b>ESO</b>	63,3	Explorador/a (A2)	79,2	Integrador/a (B1)

### 2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	0	0%
A2	15	60%
B1	8	32%
B2	2	8%
C1	0	0%
C2	0	0%
<b>TOTAL</b>	<b>25</b>	<b>100%</b>

### 2.3. Análise DAFO

Partindo das fontes indicadas no punto anterior, xerouse a seguinte análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro e serve como punto de partida para a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	1.Infraestrutura dixital moderadamente actualizada 2.Boa conexión a internet (fibra óptica) para o ensino/aprendizaxe (con dispositivos propios do centro)	Falta de tecnoloxías dixitais "amigables" para avaliar a habilidade do alumnado e facilitar a retroalimentación
	PERSONAL DOCENTE	1.Existe apoio por parte do equipo directivo para que o profesorado explore novas formas de ensino con tecnoloxías dixitais 2.No noso centro debatemos sobre as vantaxes e desvantaxes do ensino/aprendizaxe con tecnoloxías dixitais 3.Aceso a posibilidade de desenvolvemento profesional continuo (DPC) coa participación de cursos, seminarios, PFPP, etc 4.Emprego por parte do profesorado e do alumnado de contornas virtuais de aprendizaxe (Edixgal, Aula virtual do centro) e tamén de comunicación (abalar)	1Déficit de emprego de tecnoloxías dixitais que adapten o método de ensino, fomenten a creatividade do alumnado e o motiven 2.Formación mellorable no uso e xestión das tecnoloxías para o proceso de ensino/aprendizaxe: 60% do profesorado participante no test CDD en nivel A2
	PERSONAL NON DOCENTE		
	ALUMNADO	1.O alumnado aprende a crear contidos dixitais e a comunicarse empregando tecnoloxías dixitais 2.O alumnado está aprendendo a resolver pequenos problemas técnicos que xorden no día a día na aula	1.Pouca insistencia en que o alumnado aprenda a dar crédito ao traballo doutras persoas que se encontra na rede, a busca eficiente e fiable de información e á seguridade
	FAMILIAS		
	OFERTA		
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	1.O profesorado interésase en que o alumnado desenvolva habilidades dixitais para distintas materias.	1.Non existe unha estratexia dixital

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	1. Formación dixital continua do profesorado 2. Actualización das aulas de informática do centro con equipos novos 3. Programas da Consellería vinculados ás TIC, como Edixgal	1. Exceso de burocracia 2. Escasa creación de recursos dixitais 3. Falta de asistencia técnica "de proximidade" (técnico informático nos centros (salvo EDIXGAL)) 4. Dificultade para que o alumnado traia os seus propios dispositivos portátiles para o uso durante a clase pola dificultade de conexión á rede do centro 5. Diferencia entre o material didáctico editado en formato físico (libro de texto) e o material en formato dixital (por exemplo en Edixgal). 6. Insuficiente tempo para que os docentes podan explorar novas modalidades de ensino no ámbito dixital. 7. Equipos subministrados para alumnado sen recursos con conexión a internet caducada sen rematar o curso.
	LEXISLACIÓN	1. Nova lei educativa en proceso de implantación	1. Leis cambiantes que que impiden asentar estratexias de actuación nas aulas
	CONTORNA		1. Baixa e desigual cobertura de internet no Concello
	ANPA		
	OUTRAS ENTIDADES		

## 3. Plan de Acción

### 3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Para a elaboración do Plan de Acción, partiuse da análise do Dafo por parte do equipo responsable da elaboración do Plan e determináronse tres obxectivos de tres áreas prioritarias que se recollen nas táboas que van a continuación.

Os obxectivos indicados en cada unha das tres táboas, tal e como se indicou no proceso de elaboración, están englobados dentro das áreas de mellora segundo o *Marco Europeo para Organizacións Educativas Dixitalmente Competentes (DigCompOrg)* : A. Liderado, B. Colaboración e redes, C. Infraestrutura e equipos, D. Desenvolvemento profesional continuo, E. Pedagogía: apoios e recursos, F. Pedagogía: implementación na aula, G. Prácticas de avaliación e H. Competencias dixitais do alumnado. Ademais, son obxectivos SMART, isto é: e**S**pecíficos, **M**edibles, **A**lcanzables, **R**elevantes e **T**emporalizados. Nas táboas indícase ata onde queremos chegar con cada un dos obxectivos, e con que elementos, por medio dos indicadores e os valores de partida e chegada. Tamén se indican as accións para conseguir cada obxectivo, os responsables das accións, os recursos precisos e a temporalización.

Área/s de mellora: Infraestruturas e equipos						
<b>OBXECTIVO 1: (1)</b>	Actualizar os equipos das aulas de informática do centro (C2, C5, C8)				<b>Acadado</b>	
<b>Responsable:</b>	Equipo directivo e coordinador TIC				<b>Non acadado</b>	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)</b>	Número de equipos actualizados					
<b>Valor de partida: (3)</b>	0					
<b>Valor previsto e data: (4)</b>	21			Segundo trimestre		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Elaboración de inventario dos equipos obsoletos ou de mal funcionamento	Coordinador TIC e secretaria do centro	Mes setembro 2022	Bolígrafo, papel e tempo		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
AO1.2: Solicitud a Consellería (UAC, AMTEGA,...) da renovación dos equipos	Equipo directivo	Mes Novembro 2022	Ordenador con conexión á internet e teléfono		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
AO1.3: Adquisición dos equipos necesarios para adecuar a aula2 ao alumnado previsto no próximo curso	Equipo directivo e equipo TIC	Mes de xuño 2023	Orzamento do centro		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	

Área/s de mellora: Desenvolvemento profesional continuo						
<b>OBXECTIVO 2: (1)</b>	Elaborar contidos dixitais por parte do profesorado				<b>Acadado</b>	
<b>Responsable:</b>	Profesorado, equipo directivo e coordinador TIC				<b>Non acadado</b>	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)</b>	Número de recursos dixitais creados polo 30 % do profesorado					
<b>Valor de partida: (3)</b>	0 recursos creados polo 30% do profesorado					
<b>Valor previsto e data: (4)</b>	10 recursos creados por profesor/a polo 30% do profesorado			Terceiro trimestre		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO2.1: Solicitud de cursos de formación sobre a creación de contidos dixitais e continuación do PFPP do plan dixital	Profesorado e equipo directivo	Primeiro trimestre	Solicitud ao CAFI e inscrición nos cursos de formación		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
AO2.2: Realización de cursos relacionados coa creación de contidos dixitais	Profesorado	Segundo trimestre	Ordenador con conexión á internet		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
AO2.3: Creación de contidos dixitais	Profesorado	Terceiro trimestre	Ordenador con conexión á internet		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	



Área/s de mellora: Competencias dixitais do alumnado						
OBXECTIVO 3: (1)	Informar e concienciar á comunidade educativa das vantaxes e riscos do uso das novas tecnoloxías (H1 e H3)				Acadado	
Responsable:	Equipo directivo				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Número de actividades realizadas acerca do uso das novas tecnoloxías.					
Valor de partida: (3)	0 actividades realizadas					
Valor previsto e data: (4)	3 actividades			Terceiro trimestre		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO3.1:Busca e solicitude de actividades (charlas, talleres, obradoiros...)	Profesorado, equipo directivo, equipo TICs	1º Trimestre	Ordenador con conexión á internet e teléfono		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.2:Implicación do profesorado na concienciación do alumnado	Profesorado	Terceiro trimestre	Recursos que cada mestre considere necesarios		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.3:Realización de charlas, talleres , obradoiros por persoal formado na temática.	Equipo directivo, departamento de orientación e equipo TICs	Terceiro trimestre	Aulas, proyector, conexión á internet e outros recursos poida precisar as persoas que imparten a formación		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

### 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

A continuación as necesidades máis urxentes de infraestruturas tecnolóxicas:

- **Rede sen fíos para o edificio de Educación infantil.** O edificio de Educación Infantil está situado a unha considerable distancia do edificio principal. Aínda que conta con conexións cableadas non conta cunha rede sen fíos que permita a utilización de dispositivos como *tablets*, ordenadores portátiles ou mesmo monitores táctiles. O día 2 de novembro de 2021 foi solicitada á UAC un punto de acceso wifi (preferiblemente da rede *edu.xunta.es*, que non precisa de introducir IP nin outros parámetros de configuración). O día 9 enviouse a documentación solicitada no momento da redacción deste documento, aínda non foi executada. A finalidade desta actuación é a de poder dispoñer de conexión de dispositivos móbiles que só poden conectarse por medio de wifi (*tablets*, móbiles, etc.) ou por exemplo un monitor táctil compartido polas tres aulas de Ed. Infantil.
- **Renovación de todos os ordenadores da aula de informática I.** O centro conta cunha aula de informática cunha dotación de 16 ordenadores *Dell Optiplex* cunha antigüidade de 17 anos que actualmente están practicamente obsoletos. Non poden traballar por exemplo con programas de deseño 3D (*Onshape*, p. e.). A finalidade desta actuación é a de poder empregar a aula de informática sen as limitacións que ten actualmente.
- **Equipos para a aula de informática II (5).** Actualmente conta con 19 equipos, dispoñibles para alumnado, con antigüidade comprendida entre os 9 e os 5 anos. A finalidade desta actuación é a de dar servizo de forma individual ao alumnado das aulas de Educación secundaria nas que temos previsión de 24 alumnos en primeiro da ESO.
- **Equipo informático para xestión da biblioteca.** Actualmente a biblioteca conta con catro equipos para consulta que, aínda que antigos, cumpren como equipos de consulta dos usuarios e usuarias da biblioteca. Para a xestión conta cun equipo *Dell* adquirido polo centro que xa é moi antigo e da moitos problemas (segue a traballar con *Windows 7*, que xa non ten soporte) pero é o único equipo no que está instalado o programa de xestión *Meiga*. Este é o equipo que se precisa actualizar incluíndo un lector de códigos de barras que facilite o proceso de préstamo e fichado de libros. A finalidade desta actuación é a de traballar na xestión da biblioteca de forma eficaz e segura.
- **Monitor táctil de 70 ou 75 polgadas para a biblioteca.** Actualmente conta a biblioteca cun proxector e unha pantalla retráctil. A finalidade de do monitor táctil sería a de substituír o sistema proxector/pantalla/altofalantes que xera problemas de ruído e incomodidade e modernizar e facer máis atractiva e interactiva a biblioteca.

- **Extensión a todo o edificio principal e aos talleres da rede *edu.xunta.es*:** A rede sen fíos *edu.xunta.es* proporcionada polos dispositivos Abalar non cubre todo o edificio principal nin os talleres.  
A finalidade desta actuación é que todo o profesorado, independentemente da súa situación física no centro, teña acceso a esta rede nos dispositivos móbiles que empregue na súa actividade docente.
- **Rede sen fíos para uso polo alumnado:** Un dos problemas que detectamos no centro é a dificultade para que o alumnado empregue os seus propios dispositivos na aula pola dificultade de conexión ás redes sen fíos do centro. Esta dificultade é dobre, por un lado, como se explicou nos puntos anteriores, non todas as redes sen fío cobren todo o centro; e, por outro, na única rede que dispón o alumnado para conectarse, é preciso introducir os datos de IP, Porta, DNS, etc. que ademais do traballo de configuración e mantemento que supón, non teríamos IP libres suficientes para abastecer todos os posibles dispositivos.  
A finalidade desta actuación sería que o alumnado poida conectarse a unha rede sen fíos simplemente cun contrasinal proporcionado polo centro e, desta maneira, ter a oportunidade de asistir a clase cos seus propios dispositivos. Sempre coa supervisión do profesorado e cumprindo as normas ditadas polas NOF do centro. Esta actuación facilitaría tamén a conexión con dispositivos propios de profesores en prácticas, auxiliares de conversa, actividades como charlas e conferencias, etc.

#### 4. Avaliación do plan

Para avaliar o Plan Dixital propoñemos:

- Unha avaliación trimestral nos claustros correspondentes no que se valorará o estado de execucións das accións seguindo as directrices marcadas no Plan de Acción.
- Unha avaliación final, no claustro de fin de curso, na que se incluírá o estado de execución das accións, e se fará unha valoración dos resultados e o logro ou non dos obxectivos. Estes aspectos figurarán directamente nas propias táboas do Plan de acción nos apartados correspondentes. Tamén se farán as propostas de mellora para a redacción da seguinte versión do plan que se deberá realizar a comezo do curso seguinte.

#### 5. Difusión do plan

O presente plan estará dispoñible para toda a comunidade educativa na páxina web do centro e haberá copia física na secretaría, na xefatura de estudos e na dirección do centro.

Touro, xuño de 2022